

# O FORO

AS IDEAS E DAS ARTES

AN  
NOSA  
MIRANDA

Nº 1.190  
Do 22 ao 28  
de setembro  
de 2005  
Ano XXVIII



Fotografías de DANIEL DÍAZ TRIGO que forman parte da exposición conmemorativa sobre os 50 anos de *Merlín e familia* na Biblioteca de Mondoñedo, onde se pode contemplar até o venres 30 de setembro.

Celébrase neste 2005 o cincuentenario dunha obra emblemática da literatura galega do século XX. *Merlín e familia* foi a primeira obra narrativa en galego do escritor mindoniense Álvaro Cunqueiro, que e instala ao personaxe tirado das lendas bretonas medievais no ambiente galego das Terras de Miranda. A ocasión serviu para diferentes celebracións nun convite contínuo a saborear a obra literaria dun dos máis relevantes autores da literatura galega. Aproveitando a ocasión a editorial Galaxia abriu unha grande exposición no Museo do pobo Galego arredor do singular mundo fantástico que creou o maxín de Cunqueiro.

1  
*Cunqueiro e familia*  
XOSÉ MIRANDA

4  
*Merlín, 50*  
BASILIO LOSADA

6  
*O Merlín de Cunqueiro*  
XAVIER CASTRO

## Cunqueiro e familia

XOSÉ MIRANDA

Cunqueiro é un caso tan complexo, tan enorme é a súa literatura, que o importante non é dar as respostas correctas, senón facer as preguntas adecuadas. *Merlín e familia* é do ano 1955. Un ano moi importante, porque nel saíu a *Escolma de poesía galega* de Fernández del Riego, en catro tomos, e no cuarto aparecen catro poemas non recollidos en libro, algúns ata

daquela inéditos, de Álvaro Cunqueiro: *A Hölderlin, Homenaxe a Mendiño, Retorno de Ulises, Os catro chefes da casa de Gingiz*. Ata 1980 non aparece *Herba aquí e acolá* como libro, e nin sequera inclúe os dous primeiros poemas, que volven aparecer por fin na máis completa edición de 1991. Isto amosa que, efectivamente, poesía e prosa corren paralelas no mindoniense e que pola cabeza de

Cunqueiro xa bulían o mozo Ulises, o vello Simbad e o incerto don Hamlet, que aparece no *Merlín*. Os libros do mestre son de lentísima xestación. Nese libro hai unha poética de Don Álvaro que di o seguinte: *o meu poema é a parte que eu teño na Creación, i é unha parte sorprendida, anque voluntaria, e sen dúbida perfeccionada pola nostalgia...Fóra do que unha boca human é, non sei*

*en qué pende a poesía, anque sei que está nas verbas como están as imaxes nos espellos. E, tamén sí, unha veracidade sentimental que se satisfai con vito anos.*

Semella que vostede escolleu o papel de malo da película...

Hai un afán por caricaturizar. A cidadanía debe entender que dentro do BNG hai varias voces complementarias. Pasa en todos os (continúa na páxina seguinte)

(vén da páxina anterior)

partidos e en todos os sistemas. Cada un actúa segundo o paxtos... Pero dicía que 1955 foi un ano moi importante. Sae *Terra brava*, de Fole; *Pedro Páramo*, de Rulfo; complétase a triloxía de Tolkien *O señor das sortellas*, iniciada o ano anterior.

A literatura de Cunqueiro non é literatura fantástica, Cunqueiro non é un escritor realista, non é humorista, non escribe novelas; Cunqueiro non ten nada que ver coa Materia de Bretaña e a literatura artúrica e tampoco ten moito que ver co realismo máxico.

Cunqueiro é, dalgún xeito, un escritor comprometido coas súas ideas e moi coherente; Cunqueiro está directamente relacionado coa tradición oral e cos modos narrativos orais; Cunqueiro é un escritor enormemente moderno; o seus parentes literarios son os que practican o que eu denominaría o marabilloso cotián, comezando, xa ora, por Marcel Schwob, por Lord Dunsany e por Borges. E o que conta, en Cunqueiro, é a memoria, o soño e a imaxinación, ademais da melancolía e unha certa nostalgia do Paraíso Perdido ou da Idade de Ouro.

Vexamos algúns intentos de definición da literatura fantástica. Castex di: O fantástico caracterízase por unha intrusión brutal do misterio no marco da vida real. Louis Vax: O relato fantástico preséntanos polo xeral a homes que, coma nós, habitan o mundo real, mais de súpeto atópanse diante do inexplicable. Roger Caillols: Todo o fantástico é unha ruptura da orde coñecida, unha irrupción do inadmisíbel no seo da inalterable legalidade cotiá. Lovecraft: un conto é fantástico se o lector experimenta un fondo sentimento de terror ou temor, a presenza de mundos e de presencias insólitas. Penzoldt: *Con excepción do conto de fadas*, todas as historias sobrenaturais son historias de terror, que nos obrigan a preguntarnos se o que tomamos por imaxinación non é, despois de todo, realidade. Outra vez Caillols: produce unha impresión de estranxeza irreductible. En definitiva, sen necesidade de estar de acordo, pensemos na auténtica literatura fantástica e veremos que hai vacilación entre o real e o marabilloso, entre o real e o imaxinario ou entre o real e o ilusorio. Hai oposición e vacilación entre estes mundos en Merlín?: é evidente que non. O que hai é integración de ambos mundos. *O fantástico é unha narración realista, no senso de realismo xenético ou de correspondencia*, que é que vulgarmente se chama realismo, na que se inclúe algo que non encaixa, algo sobrenatural que racha bruscamente a placidez: un vampiro, unha pantasma, unha premonición, un imposible. Pensemos en Maupasant, en Fole, en James, nalgúns relatos de Poe, nos *Contos Nocturnos* de Xesús Valcárcel ou en *Cando petan na porta pola noite*. Louis Vax, de novo, di que o fantástico é a experiencia da interpenetración de dous mundos incompatíbeis.

En canto á técnica, o fantástico precisa da técnica de Poe ou Horacio Quiroga, o crescendo, o suspense, a liña ascendente, o punto culminante, o final pechado, a economía de medios, as palabras xustas. Non é para barro-

**‘Cunqueiro non é un escritor realista, non é humorista, non escribe novelas; Cunqueiro non ten nada que ver coa Materia de Bretaña e a literatura artúrica e tampoco ten moito que ver co realismo máxico’**

cos. ¿E iso o de Cunqueiro? Ademais, no fantástico son continuas as insinuacións, as indicacións do final ao longo do texto. A temporalidade está absolutamente marcada. O final é inexorable, non se pode ler antes o final, porque perde o efecto. Hai que lelo exactamente na súa orde. Pois ben, pódese ler a Cunqueiro de calquera maneira, saltando os capítulos, mesmo lendo primeiro, por erro, unha páxina ca outra no mesmo relato. Case non pasa nada. Seguimos gozando do mesmo xeito.

Pero hai máis. O fantástico (Vax) está ligado á apreensión dos valores negativos. Aínda que máis tentados a crer no Demo ca na Virxe, pensamos sempre que o Demo é máis fantástica cá Virxe. O mal é máis inquietante que o ben. E aínda así, o demo non aparece a penas no fantástico: si os bruxos, os vampiros, os lobishomes, as pantomas. Pero en Cunqueiro, e cito a Anxo Tarrío, nunca atopamos a miseria ou a mesquindade, a envexa malsá ou a ruindade espiritual, a soberbia, o orgullo, a ambición desmedida, o odio e os baixos sentimentos, etc... En Cunqueiro o que hai son valores positivos, luz e esperanza. Foxe do medo, o estraño, o negativo, a ansia, a náusea, a loita de clases. ¿Pode ser isto literatura fantástica? Se, por un casual, neste momento penso en *O corazón delator*, de Poe, teño que recoñecer que carecen de calquera parentesco.

¿Pero logo que é o que escribe Cunqueiro? Algo coas seguintes características: sucede neste mundo ou moi próximo, nunha idade pasada, pasa por *Miranda* o mundo inteiro, como tal, pero sempre no imaxinario, como pasan os cómicos ambulantes ou os circos. O ambiente é puramente fantástico, mítico, sobrenatural. Sen embargo...

#### Non é literatura fantástica

Dicíamos o outro día o seguinte: A literatura de Cunqueiro non é literatura fantástica, Cunqueiro non é un escritor realista, non é humorista, non escribe novelas; Cunqueiro non ten nada que ver coa Materia de Bretaña e a literatura artúrica e tampoco ten moito que ver co realismo máxico. Cunqueiro é, dalgún xeito, un escritor comprometido coas súas ideas e moi coherente; Cunqueiro está directamente relacionado coa tradición oral e cos modos narrativos orais; Cunqueiro é un escritor enormemente moderno; o seus parentes literarios son os que practican o marabilloso cotián; o que conta, en Cunqueiro, é a memoria, o soño e a imaxinación, ademais da melancolía e unha certa nostalgia do Paraíso Perdido ou da Idade de Ouro.

Tratamos nese artigo de mostrar que Cunqueiro non practica a literatura fantástica. Seguiremos argumentando para ver que hai das outras nosas afirmacións. Todorov sostén que a literatura fantástica está en contacto, por un lado, coa literatura do estraño, polo extremo contrario, coa literatura do marabilloso. Se a de Cunqueiro non é a do centro, se cadra sexa algunha das outras dúas. Probenos a definilas.

A literatura do estraño non dei-

xa de ser unha literatura realista, no senso xenético que xa explicitamos. Nada do que se narra é, en si, fantástico. E sen embargo, aseméllase ao fantástico e limita con el, porque produce a mesma sensación de estranxeza irreductible da que falaba Caillols. É unha literatura dos límites. Moitos relatos de Poe son, verdadeiramente, deste tipo e non fantásticos. Pensemos na *Caída da Casa Usher*. Non é precisa ningunha explicación sobre natural ou irracional para que o conto funcione. A caída da casa pode ser por razóns naturais, a aparente resurrección da irmá pode ser un enteiro prematuro, o ambiente gótico pódese deber á enfermidade dos irmáns, etc. E no *Corazón delator*, se cadra todo é causado por unha obsesión. En *Le Horla*, de Maupasant, a explicación pode ser a tolenia. Despois de ler *Der Sandmann* (O home de area, se cadra deberiamos traducilo por Pedro Chosco) de Hoffmann, a sensación que nos queda é de absoluta estranxeza, de irrealidade, de malestar. Un escritor sempre do estraño é o gringo vello, Ambrose Bierce. Pero nós temos un representante xenial. Se lemos a Dieste, *Dos arquivos do trasno*, empezamos polo relato desacougante *Sobre da morte de Bieito*, ¿Bieito vai vivo ou morto no cadaleito, móvese ou non, teño que actuar ou non? ou seguimos por *A luz en silencio*, comprendemos sen máis explicacións o que é a literatura do estraño. E non fai falta lembrar que Freud lle dedicou un estudo a este tema para dicir que a pura literatura de horror é literatura do estraño. Outra cousa (fantástico) é a literatura de terror. Pois ben, xa que o estraño recolle situacións ambivalentes, angustiosas, desacougantes, terribles, non pode estar máis lonxe de Cunqueiro, quen apaciblemente fai que os dous mundos (o real e o marabilloso) coexistan sen límites e sen distorsións, como se a vida fose un espectáculo. Cando Cunqueiro narra sobre ananos ou lobishomes, faino de xeito que lles dá carta de natureza e pasaporte para circular por aquí como se nada. O que conta Cunqueiro é o contrario do estraño, está no outro extremo: o sobrenatural faise natural. ¿Debemos considerar polo tanto que a de Cunqueiro é literatura do marabilloso?

Pois se cadra tampouco. Se tomamos como exemplo do marabilloso *O señor dos aneis* observamos inmediatamente as diferencias. O de Tolkien é marabilloso puro, sucede nun mundo alternativo, inexistente, nun tempo moi afastado, nun lugar moi lonxano, cando os animais falaban, tal vez (e as árbores andaban). En principio é o contrario do realismo. *Merlín e familia* sucede neste mundo, ou noutro sospeitosamente similar, só que encadra nel tódolos fenómenos do mito e tódolos temas do fantástico e do marabilloso. Mais o mundo, cos seus traballos e os seus días, as súas paisaxes, os seus nomes, a súa historia, as necesidades corporais (mesmo as máis íntimas, as súas obrigas, as súas comidas e as súas roupas, é este. Diríamos que o de Tolkien é o marabilloso puro e o de Cunqueiro é o marabilloso cotián (ou, para algúns, o real marabilloso. Acepto esta definición). Sen embargo, entre Cunqueiro e Tolkien hai moito

máis en común.

É logo realismo máxico *avant la lettre*? Un mundo que semella este, pero que se cadra non o é, ou si. Unha narrativa parente da fantástica. Pero o realismo máxico é primeiro realismo e segundo asume o fantástico. Non se pode negar unha relación con Cunqueiro, mais o do mestre é outra cousa: Nin é realismo, nin é fantástico, aínda que participe dos dous. No realismo (no senso en que vulgarmente se utiliza a palabra) preténdese reflectir o mundo real. Pero hai que advertir que o texto literario non mantén unha relación de referencia co mundo, como fai a linguaxe cotiá. Só é representativo de si mesmo. Non pode ser verdadeiro ou falso, real ou irreal, senón só coherente consigo mesmo, ou non. Pretender que Cunqueiro é realista porque nos seus textos hai realismo de coherencia é valeiral a palabra realismo de todo contido. Naturalmente, en Cunqueiro hai ese realismo. E en Tolkien. E en Kafka. E no superrealismo. E nos contos de fadas. E en Zane Grey. O difícil é dicir onde non o hai. Se un texto é fantástico ou marabilloso, ten por forza que ser moi realista, xa que se non é inverosímil. Pero polo non está aí a cuestión. A cuestión é que tanto en Cunqueiro como no realismo máxico hai unidade entre realismo e fantasía. O misterioso e o máxico forman parte da vida cotiá. Pero no primeiro caso a narración é realista e introduce algúns elementos do fantástico (Rulfo, Márquez), en cambio Cunqueiro é un escritor do marabilloso que introduce elementos da realidade. Xusto o contrario. Cando nos falan de realismo, pensamos en Carver, en Crane, en Dickens, en Eça, en Zola, en Gorki, en Clarín, na Comedia Humana, no naturalismo, en Blanco-Amor, en Bieito Iglesias, no costumismo das primeiras novelas de De Toro ou dalgúns relatos de Rivas. Cunqueiro non é un escritor realista.

#### Poesía e fantasía no Señor Álvaro

Fagamos ver antes de seguir a enorme relación que no Señor Álvaro (en galego hai que dicilo así, Señor co nome e non necesariamente co apelido, como en castelán. ¿que maior dignidade que dicir Señor Emilio, Señora Xosefa? Eles que falen como queiran) existe entre poesía e fantasía, entre verso e narración, que case sempre van acompañándose. Mesmo unha parte de *Herba aquí e acolá*, ese libro xenial, chámase *As historias*, porque o son. E precisamente o feito de ser a narrativa de Cunqueiro tan poética, tan preñada de imaxes e tan melancólica (é dicir, metafísica, no bo senso da palabra) afísta definitivamente da alegoría. En Cunqueiro está o mito, o símbolo, a imaxe arquetípica (como acerta Tarrío, a bóla de neve), pero nunca a alegoría nin a moralexa. O compromiso de Cunqueiro coa súa visión do mundo, do ser humano, vai por outro camiño, polo camiño dos artificios que monta, que sen embargo son ben transparentes. Só hai que escoitar ao propio autor e non poñerse oreilleiras dogmáticas nin semánticas para comprendelo. Por outra banda, só utilizando un concepto de novela que implique a



DANIEL DIAZ TRIGO

volatilización do xénero se pode admitir que o que o mestre escribía fosen novelas. Non o son, ou son novelas medievais, precervantinas, ou son neobizantinas, ou son outra cousa, que é o que eu creo (como as súas cantigas son outra cousa, e non son neomedievais).

En canto ao primeiro, eu chamaríalle ao que fai Cunqueiro do seguinte xeito: **marabilloso cotián, real marabilloso ou marabilloso inverso**.

Sentado que estamos nos confíns da literatura do marabilloso, (non na fantástica nin na realista), trátase dun marabilloso diferente ao de *O señor dos aneis* ou ao de *Un mago de Terramar*. É un marabilloso cotián, pois está neste mundo, forma parte del e sucede nel, ben que integrando absolutamente o sobrenatural, o marabilloso, o mítico, o afastado polo tempo e polo espazo. É cotián, pois tódalas cousas do común ocorren continuamente nel, e recoñecemos a xeografía, a toponimia, os xantares, os falares, os vestires, os traballos, as obrigas, os intereses, mesmo os sexuais, os escatolóxicos. Neste senso, as técnicas narrativas de Cunqueiro o que fan é presentar como normais situacións imposibles e para facelas verosímiles recorre a iso. “Destá vez voume aos cagallós!”—di un dos seus personaxes. A Cunqueiro molestáballo que lle chamasen humorista. Efectivamente, non o era. O humor, como os traxes ou os traballos, ten o papel de facer que o mundo marabilloso ancore no mundo real. É un gancho de Cunqueiro para coser ámbolos dous mundos. Así Mr. Flute come enfaragulladas con touciño. Por certo, eu cominas

moitas veces. Por iso o que fai Cunqueiro é darlle a volta ao marabilloso. Do mesmo xeito que na literatura fantástica partimos do realismo e introducimos un factor desacougante, que nos pon en contacto co outro mundo e coa fantasía (como tal, un vampiro, unha estatua que se move, unha pantasma), sen que por iso rompamos co mundo “real”, en Cunqueiro partimos da fantasía e moitos detalles (a fame, o sexo, a roupa, a escatoloxía) vannos aproximando ao mundo “real” sen que por iso rompamos co marabilloso. Cunqueiro foi quen de darlle a volta aos conceptos de literatura fantástica e do marabilloso, como se utilizase as técnicas invertidas.

En canto ao segundo, Cunqueiro é un escritor barroco e metafísico, se cadra emparentado con Borges, quen tampouco escribía novelas e talvez por similar razón. En realidade o que fai Cunqueiro é novo no seu tempo. Escribe unha especie de libro total, con tódolos xéneros, tódalas literaturas e tódolos tempos dentro, unha especie de léxico ou dicionario da literatura (e non é casual a disposición final a xeito de índice e personaxes ou dicionario, que reescribe o libro). Noutra palabras, Álvaro, moito máis alá de ser precursor do realismo máxico sudamericano, inventa un xénero e unha literatura. Nin o xénero nin a literatura teñen aínda nome. Para a segunda acabo de propoñer *marabilloso inverso*. Para o primeiro, tal vez, *novela léxico* (aínda que é insuficiente). Felicidade da vida, débolle este achádego ao escritor serbio (¡perdón!) Milorad Pavic, autor do Dicionario Jázar, o escritor máis cunqueirís-

ta do mundo (máis que Peruch, que xa é dicir). Se cadra nunca leu a Cunqueiro. Pero léanos vostedes a el.

Finalmente, se damos un repaso polo Merlín, atopamos o seguinte: referencias á materia de Francia: Turpín; Bizancio, Oriente, novelas de caballería, a Biblia, os celtas, As mil e unha noites, Irlanda, Aquitania, Nápoles, os algaribos, China, demonoloxía, Italia, Rusia, A Habana, Alemaña, a Inglaterra dos Lancastre, Normandía, Hamlet, a lírica francesa medieval, Villon, Roma, Escocia, Tulé, Cambrai, Mondoñedo, Venecia, Xénova, Portugal, Firdusi, Ravaillac, os hugonotes, sereas, ananos, magos, paraugas de sal el sol, paraugas políglotas, quitatebras, camiños de quita e pon, camiños que se envolven, mandrágoras, princesiñas coa man de prata, libros máxicos, damas cerva, demos, soños misteriosos, damas que son limóns, lobishomes, estreleiros, cartománticos, Salamanca, princesiñas de prata, espellos máxicos, a trabe de ouro, princesas viradas pombas colipavas, bolas de neve, ondinas, pantasmas de hugonotes, galos de Portugal, peidos do demo...

En definitiva, o universo. O Atlántico brumoso e a claridade mediterránea, que prevalece. O personaxe principal do libro, xa ora, non é Merlín, é o narrador. O título non pode enganarnos: a literatura artúrica está practicamente ausente. O que hai é unha desmedida nostalgia da Idade de Ouro, que no Cunqueiro antimoderno e romántico, é a Idade Media europea (e tal vez islámica tamén). Cunqueiro é directamente, un es-

**‘Cando Cunqueiro narra sobre ananos ou lobishomes, faino de xeito que lles dá carta de natureza e pasaporte para circular por aquí como se nada. O que conta Cunqueiro é o contrario do estraño, está no outro extremo: o sobrenatural faise natural’**

critor comprometido coas súas ideas, que non están á la mode e que moitos nin perciben. Como Borges, non é un fascista, é un antimoderno. Só hai que ler ao Cunqueiro articulista (prodixioso, se cadra máis que o narrador) para entendela. Cunqueiro está sempre soñando co outono da idade media, en título de Huizinga, de quen tanto fala. Pero enténdase ben: outono no senso de plenitude, de idade dourada, de vendima, de colleita, de castañeira, de figo vendimo e de festa das San Lucas. Por iso se nutre da narrativa oral. Por iso e porque puido escoitala na botica do pai. Despachar a Cunqueiro dicindo que o que fai é literatura fantástica e artúrica é dunha preguiza mental que estarrece. Porque paradoxicamente este antimoderno foi o máis moderno dos escritores, en canto ás técnicas e en canto ás intuicións. Pero este é xa outro tema e deixáremolo para outra ocasión. ♦

XOSÉ MIRANDA (Lugo, 1955), é profesor de Bioloxía e Xeoloxía e escritor. A súa poesía está recollida en *As cidades mergulladas. Poesía reunida (1973-2002)*. É especialista en literatura de tradición oral. Xunto a ANTONIO REIGOSA e Xoán R. CUBA publicou o *Diccionario dos seres míticos galegos, a Pequena mitoloxía de Galicia, os Contos colorados, narracións eróticas da tradición oral e o recente Cando os animais falaban. Morning Star ou A Biblioteca da Iguala son dúas das súas novelas.*



Imaxe da inauguración da mostra 50 anos de Merlin e familia no Museo do Pobo Galego en Santiago.

PACO VILABARROS

# Merlín, 50

BASILIO LOSADA

Cando apareceu o *Merlín* de Cunqueiro eramos poucos os que seguíamos a aventura da literatura galega. Supoño que para moitos, como para min, foi o *Merlín* unha gratísima sorpresa. Para outros non tanto. Pasaba eu daquela por un tempo de "fatiga de leitor", mal comprensible, pois levaba anos traballando nunha tese aborrecida que logo deixei sen rematar. Caeu o *Merlín* nas miñas mans e foi unha revelación. Penso que nunca lín con tanta avidez libro algún. Poida que só, moitos anos despois, pasoume o mesmo cunha novela de Vargas Llosa, *La ciudad y los perros*, e logo, tamén moitos anos despois, algunha outra novela debín ler talmente enfeitizado, pero agora non me lembro. Poida que as novelas do Oeste que lía ás agachadas nas clases de Apoloxética, en terceiro curso do bacharelato. Ou, aínda unha máis, *Memoirial do Convento*, de Saramago. Ou *Os velhos marinheiros*, de Jorge Amado. Pero isto non vai ser un índice de lecturas, agora que tan raramente remato unha novela. Dicía Josep Pla que quen despois dos corenta anos aínda le as novelas é un parviano. Outra intemperancia máis de Pla. O que pasa é que un xa non é quen de rematar a lectura de todo o que le.

Para min, foi unha revelación o *Merlín* de Cunqueiro. Hoxe penso que puido ser o inicio dunha nova maneira de narrar en galego. Pero non foi así. Chegaba fóra de tempo, cun adianto que, daquela, non podíamos albiscar. Teríamos que descubrir logo o que Botempelli, outro adiantado, chamou "realismo máxico". Tampouco eran anos nos que fose ben visto botar os sinos a voar decindo que a literatura galega consolidara as súas experiencias narrativas cunha

**"Tanto desde o «realismo social» como desde a esquisitez dos ilustrados, aquilo que escribía Cunqueiro era superficial ou burgués. Por sorte estaban os lectores, e a súa opinión, que normalmente é sempre a máis acertada"**

obra absolutamente xenial. A traveso da correspondencia entre Francisco del Riego e Cunqueiro podemos hoxe documentar o nacemento da obra. Podemos descubrir tamén un Cunqueiro insólito, obsesivamente preocupado polo trunfo literario, pola difusión da súa obra, pola resoancia crítica, moi consciente el da súa valía, moi consciente do que o *Merlín* podía significar como un camiño novo e anticipador nas letras galegas. Nos ámbitos literarios de Madrid a resoancia foi nula. Cunqueiro era un desclasado, un revirado do réxime, un home pintresco, un casi-desterrado, pechado no seu Mondoñedo, naquela patria inmensa e mínima, pechado na mágoa e no desconcerto.

Non teño a man o libro de Edicións do Castro no que se reproduciu o "Parlamento sobre as letras galegas" que ía publicando o *Progreso* de Lugo. Eran as respostas das figuras das letras e da vida cultural de entón facendo diagnóstico de situación da nosa literatura. Todos os que respostaban eran primeiras figuras, fora dun espontáneo que, cunha audacia insuperable, meteu onde non o chamaran e deu tamén a súa opinión. Un dos que opinaban, home de refinadas e fondas lecturas, moi ben informado do que pasaba no mundo, era Celestino Fernández de la Vega. Sorprendeume a súa opinión. Non teño a man o libro onde anos despois se reproduciron as respostas, e non podo citar literalmente, pero máis ou menos dicía así: "o *Merlín* é, verbo dos problemas e preocupacións do noso tempo, a carabina de Ambrosio". Pero non foron só lectores informados, intelixentes e cunha rigorosa formación como Celestino os que desvalorizaban o libro de Cunqueiro. Axiña, e da

outra banda, aínda foron máis duros os ataques nos inicios da que daquela chamabamos "literatura social". Editábanse en castelán aquelas novelas calcadas sobre apriorismos ideolóxicos e desde a perspectiva do realismo socialista, e a narrativa de Cunqueiro resultaba reaccionaria para moitos, literatura de evasión que esquecía aquela máxima de Gabriel Celaya: "a poesía é un arma cargada de futuro, un instrumento para cambiar o mundo". Paga a pena comprobar o influxo mínimo, mesmo inexistente que a obra de Cunqueiro tivo sobre a "nova narrativa galega". Tanto desde o "realismo social" como desde a esquisitez dos ilustrados, aquilo que escribía Cunqueiro era superficial ou burgués. Por sorte estaban os lectores, e a súa opinión, que normalmente é sempre a máis acertada, refírome a lectores con experiencia e bon gusto, que acolleron o *Merlín* como un descubrimento en anos de deserto literario.

Penso que foi en Cataluña onde a narrativa de Cunqueiro foi cabalmente valorada por primeira vez. Amigos cataláns, politicamente do mundo liberal conservador, convén dicilo, manifestaron desde moi cedo o seu entusiasmo. Abonda con recoller as críticas ou as notas informativas da revista "Destino". Néstor Luján, Díaz-Plaja, Joan Perucho, o editor Vergés, pero tamén xente situada noutros ámbitos políticos que non eran os da dereita liberal—eu falei de Cunqueiro con "Joan Oliver" por exemplo—valoraban a obra de Cunqueiro con xusteza e xusticia.

Cataluña foi unha patria para Cunqueiro. A súa primeira actividade pública foi no Conferencia Club, no Hotel Ritz, un clube de señoras moi ensombreadas e aparentes da máis alta burguesía catalana. Eu quixen asistir a aquela


conferencia pero non me deixaron entrar: era de pago. Tamén no Centro Galego contou Cunqueiro con apoio. Alí estaba de presidente o seu compadre Manuel Casado Nieto. Cunqueiro deu conferencias no Centro, parolou cos novos, deslumbrou ós vellos. As editoras Argos, que levaba Ignacio Agustí, e *Destino*, publicaron versións castelanas das súas novelas. Gañou un Premio Nadal—algún día contarei a aventura daquel premio—e gañouno cunha novela que tivo que rematar a maticabalo horas antes de que se fallase o premio. Escribiu as últimas follas no seu cuarto do Hotel Colón cun propio de *Destino* esperando. Foi, con todo, un premio merecido, non sei se dúas ou tres novelas na historia fecunda do Nadal poden compararse con *Un hombre que se parecía a Orestes* (1969).

Galicia foi inxusta con Cunqueiro. Poida que fose polo esquivo da nosa vida cultural de entón e polo raquitismo cultural da nosa burguesía. Sei que Cunqueiro sentíase moitas veces amolado cos convites de algúns que o chamaban como aderezo das súas enchentas, esperando un acudido, unha historia, coma se Cunqueiro fose un bufón dunha corte medieval.

Cunqueiro foi un mestre da oralidade. Abonda con ver o inicio do *Merlín*, e tódalas páxinas que seguen. Comprobar a acumulación de datos, tan presente na narrativa oral como intentando convencer ao ouvinte da verdade do relato, a inmensa gracia expresiva, a invención léxica ou a recuperación da creatividade da lingoaxe oral. A obra magna da oralidade nas letras contemporáneas e *Grande Sertão Veredas* de Guimarães Rosa. Penso que a obra de Cunqueiro, verbo deste aspecto de oralidade escrita, e superior. Algún día, se me vexo con forzas, farei diso. Pero o problema da oralidade é que resulta intraducible. A versión de *Grande Sertão* ao castelán é a mellor inimaxinable. Ninguén poderá superar o traballo de Angel Crespo. Pero a Guimarães Rosa hai que lelo en brasileiro. Cunqueiro traballaba admirablemente o seu castelán, pero dúbido moito que fose capaz de traducir persoalmente unha obra súa pensada e escrita orixinalmente en galego. Con todo, hei dicir, que, para min, e respecto calquera outra opinión en contrario, o mellor Cunqueiro—penso no Cunqueiro narrador—está nas semblanzas de homes do mundo vilego ou rural de Galicia: *Escola de menciñeiros*, *Xente de aquí ou de acolá*, *Os outros feirantes*; e o mellor Cunqueiro en castelán está en *Vida y fugas de Fanto Fantini*. Son opinións, e como dixon non sei quen, as opinións son como os cus, cada quen ten o seu. ♦

BASILIO LOSADA (Láncara, 1930) é catedrático de Filoloxía galego-portuguesa en Barcelona e autor de numerosos estudos críticos sobre literatura. Reputado tradutor, súas son as versións de 150 libros en sete linguas, incluíndo autores como Jorge Amado, Saramago, Rosalía de Castro, Pere Gimferrer... É presidente da Asociación Internacional de Estudos Galegos.

## ENSAIO



**Constelación de Io**  
José M. Eyré



**Culturas, civilizaciones e sociedade global**  
I Encuentros de Mondariz-Balneario  
Fundación Carlos Casares

Edición de Carlos Fernández

Josep Borrell  
Gema Martín Muñoz  
Fernando Savater  
Eugenio Triás  
Dario Valcárcel  
Dario Villanueva

## LITERARIA



**Ruído. Relatos de guerra**  
Miguel Anxo Murado



**Conversas con Ánxel Fole**  
Carlos Casares



**Non sei cando nos veremos'**  
Anxo A. Rei Ballesteros

# 50 ANOS CON MERLÍN E FAMILIA



Galaxia está a celebrar o 50 aniversario da primeira edición do Merlín de Cunqueiro cunha macro exposición situada no Museo do Pobo Galego. Con tal motivo publica *Millor que dicila fora pintala*, un libro deseñado e ilustrado por Fausto Isorna que recrea o mundo de Merlín cos ollos do novo tempo, unha nova estética, unha nova mirada.





DANIEL DIAZ TRIGO

# O Merlín de Cunqueiro

XAVIER CASTRO

**L**uís Cernuda tituló un dos seus libros: "Donde habita el olvido", que, por certo, soubo aproveitar recentemente moi ben Joaquín Sabina. No eido da alta literatura convén máis que habite a memoria. Conmemórase neste ano un feito singularmente relevante na historia das Letras Galegas: os cincuenta anos da publicación, de mán da editorial Galaxia, dunha das nosas obras mestras: *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro.

Merlín, o vello mago da saga artúrica, aparece transformado pola pruma de Cunqueiro nunha sorte de fidalgo, perceptor de foros, fillo de solteira, dotado de habelenzas de curandeiro e poderes de taumaturgo, e de xenio máis doce que ceñudo. Gobernaba a súa casa de Miranda, emprazada na longa selva de Esmelle, na compañía do dona Ginebra, raíña que fora de Bretaña que co traslado a Galicia non podía evitar que se lle notara que prendía algo na fala. Xa que era de señorío, dominaba o bordado, case que non saía da casa e na cociña non puña man, coma non fora algúns días de festa para facer unha "colineta". Tamén gustaba de acudir ós baños quentes de Lugo.

**'Merlín, o vello mago da saga artúrica, aparece transformado pola pruma de Cunqueiro nunha sorte de fidalgo, perceptor de foros, fillo de solteira, dotado de habelenzas de curandeiro e poderes de taumaturgo'**

Na casa de Merlín comíanse manteigadas de Astorga, e aproveitábanse logo as caixiñas para gardar cousas. Se cadra compracían moito a dona Ginebra, que no dicir dos médicos antigos eran antes as mulleres "máis golasas que glotonas". De feito, esta lexendaria dama gustaba de convidar a merengada a un enano que, cando non levaba moita presa, cantáballe unha habanera que agradaba moito á xentil señora. E cando recibía xente de copete no salón da súa casa, un criado de seu lle ofrecía: "un vañado de viño de Getafe con biscuits rizados".

Como imos vendo, a fecunda imaxinación do escritor, que se gababa de ser da vila de Mondoñedo, "rica en pan, en augas, i en latín", amén de célebre polos seus bispos e as feiras de San Lucas, dá vida a un artístico tapiz literario no que conviven variopintos personaxes nunha "fabula de varia xente" chea de interés. Na obra coexisten as referencias cultas coas testemuñas da realidade social do tempo do escritor, sen que falten as alusións á gastronomía e as bebidas que nutren e dan azos ós seres que habitan nela. Irémola virando.

Gobernaba a mantenza da casa do señor Merlín case un estereotipo da "maritornes" de entón: a cociñeira Marcelina, muller de obra de corenta anos, regorda e pequeneira, gran faladora e tida por cociñeira de mérito. Andando o tempo, aproveitou os seus saberes para poñer fonda propia en Lugo, feito que aconteceu repetidas veces en Europa toda, dende que a revolución francesa guillotinou a moitos nobres deixando os seus encargados de cociña por portas. Así naceron os restaurantes.

Merlín, era unha persoa que adoitaba estar contente e risoño, exhibía uns modales afidalgados, era "moi repousado no comer", e tamén moi cumprido na limpeza: de continuo lavaba as mans ó sentarse á mesa e o erguerse. Aparece nunha das situacións da novela, despois de comer, sen presas, e, como tiña por costume, "abuchou a boca co derradeiro chope de clarete", e logo dobrou a servilleta facéndolle un nó de orellas de coello. Este xeito de despachar o último grolo —que comparte co mestre Flute, de quen nos dí Cunqueiro que: "Doulle o derradeiro tento á xarra e embuchou igualiño que facía Merlín"— non era propio da

etiqueta fina; antes ben constituíu un rasgo populista que ben puideron ter algúns fidalgos rurais, querenciosos dos costumes populares e que se achegaban máis á xente do común. Polo demais, adoitaba tomar unhas once de ovos revoltos e viño clarete. Resulta revelador que Cunqueiro lle asignara tal viño ó mago, pois estaba moi espallada a opinión de que o viño branco e o clarete eran os que mellor se axeitaban ás persoas de rango ou consagradas a actividades intelectuais; e así acontecía que un cóengo, que entretaña os seus solaces paseando pola ponte dun río, resultaba ser afeccionado o viño branco. E nada de calvados. Era Merlín moi dado a tomar copiañas de licor café, como debe ser. Tamén pedía licor café ós postres a seera Teodora que visitou a Merlín para que lle fixera na cola un tinguído de loito cun fio de ouro na bordiña das escamas que mui ben lle acaía. Tiña o mago por costume espirrar de cando en vez co rapé que gustaba de usar con moi digno ademán (por máis que hoxe nos custe aproballo), como tantos señores de antano; e así, en diversas ocasións ó traveso da obra: "levaba ao nariz, mui fino coas puntas dos dedos, un

chisco de rapé” que tomaba dunha caixa de cuncha. Logo sonábase dúas veces.

Merlín trouxera de Bretaña un camiño enrolado nun canuto de ferro que prestaba a algúns dos seus amigos cada e cando o precisaban. Este camiño, chamado de “Quita e Pon”, enferruxárase de tanta humidade como había no sobrado da casa de Miranda e xa non soltaba máis de catro légoas, que dende logo non era moito, e ademais volvérase tan estreito que soamente en fi-leira de un se podía camiñar por el. Ás veces, por facer festa, o señor Merlín saía á eira, e nunha copa de cristal chea de auga ver-quía dúas ou tres gotas de licor que il chamaba “dos países”, e “sorrindo, con aquela aberta sonrisa que lle enchía a franca faciana como enche de sol a mañán”, preguntaba de que color querían ver o mundo. Un criadillo pedía sempre que parecera azul e Merlín compracía: en canto botaba ó aire a auga aquela, toda a ancha e antiga selva de Esmelle quedaba por un tempinho pintada de azul. Todos deberíamos ter a man algunha receita para ver de cando en vez a vida doutro color. Haberá que poñerse a procura dela. No que a mín respeta, confésolle que me funciona ler a prosa deste escritor: véxolle tal engado que me ilumina e alea o espírito. Debo proclamalo pois: ¡Máis Cunheiro e menos Prozac!”. Pero convén le-lo sen presas, a teor do sabio estilo *slow life*, facendo de cando en vez unha pausa ensoñadora. E, despois, poñerse a mirar pasar a “vagante procesión das horas”. Xa logo, non me queda outra que pechar o libro e, como recomendaba Miguel Hernández, pasar do meu corazón ós meus asuntos.

Pero prosigamos coa trela, logo do repouso. Acontecera que os enviados dun bispo de París leváronlle a Merlín, para que os reparase, tres prodixosos quitasoles que “quizabes non os tiña tan aparentes o mesmo Papa de

Roma”. O quitasol branco chamábase “Sal el sol”, xa que en abrindo o día de Nosa Señora de Agosto, aínda que chovera, quedaba unha mañá sollosa para o bo lucimento da procesión. O amarelo denominábase “Mirabilia”, e era moi segredo e só se empregaba en Pentecostés. Situándose a súa sombra, o Bispo podía confesar en todas as linguas. Ó cabo, o colorado, de nome “Luceiro”, era o máis problemático: máis que quitasol os peritos en helioloxía e ciencias noctébricas aplicadas adoitaban consideralo quiteatebras, e permitía que o que viaxaba con el aberto vía coma se fose de día. Aínda que fora noite pecha.

O mago Merlín invitou a uns hóspedes que recibira na súa casa a viño e xamón, como acostumaban facer os petrucios galegos dalgún acomodo, e entrámentres il trebellaba nos parau-gas. Amañounos nun dicir amén que soamente tiñan unha varilla frouxa e outras salteadas, pero tales interquincias abundaban para privales de encantamento. Tamén advertiu ós criados de que o señor bispo non se debería malgastar a virtude de “Luceiro” en cachear tesouros nas covas e furadas.

Xosé de Cairo, desempeñaba a función de mordomo ou capataz na casa de Merlín e gobernaba tamén a súa facenda. Cunheiro lle atribúe a potestade de comer na mesa dos señores con ocasión das festas. Na etiqueta da fidalguía e o alto copete tal presenza non era algo que se der habitualmente. Primitivo, o encargado do pazo de don Pedro de Ulloa, de costumes desordenados e plebeos, antes de contraer matrimonio, compartía o condumio con este, en comidas informales na cociña, e algunha que outra vez no comedor, pero non nas grandes ocasións en que había invitados de mérito. A cuestión dependería moito do berce e rango social do encargado. No caso do rústico Primitivo sería impensable a súa presen-

cia. Pero se se trataba dun administrador con estudos e algún rango, aínda que vido a menos economicamente, podería ser.

Os criados e servidores comían na cociña. Despois de cear alí, marchara o paxe Felipe para a súa camareta, e de camiño ía roendo unha castaña maiola (esas ‘pilongas’ de adozado gosto, presente aínda na paleta dos sabores da infancia de moitos de nós), e como non tiña sono púxose a contar pombas ata que adormeceu. Cada e cando estaban de temporada, desaúnaba o moción cereixas e pan trigo. Tamén, ás veces, participaba das merendas compostas de freces con ovos.

Existía un nidio contraste entre o xeito distinguido de comer e o popular, máis espontáneo, con fame e ás presas. Algo disto, se vira na cociña, cando a señora Marcelina, púxolle ó mestre Flute unha enfargullada de fariña de trigo con torresmos e unha xarra de viño de San Fiz. Como traía a gambirina atrasada, recuncou da esfargullada e aínda cortou na carne, e media orella de cocho galego que estaba na fonte meteuna no papo. E rillaba ás presas aquel inglés. ¡Sí que devecía polas esfargulladas con torresmos este personaxe, que polo demais tiña un roncar moi acompañado. Con ocasión de que tivera o corpo desgustado e andara magoado, Merlín recomendoulle que bebese un ‘chiquito’ de tostado para que se lle pasara. E deste xeito, apuntaba o paxe: “Consolouse mestre Flute dúas veces co tostado que lle servín, e que era un foro que pagaban a mi amo os sanxoanistas de Ribadavia”. E así foi que deixou de estar apesarado, que era tamén moi sentidillo este home, afinou a fruta e botou unha peza moi galana: unha danza que se chamaba, con resoancias proustianas, “swan’s pavane”, pavana dos cisnes.

Pero non era este o único habitante da selva de Esmelle que gustou do reputado viño doce do

**“Merlín, era unha persoa que adoitaba estar contente e risoño, exhibía uns modales afidalgados, era “moi repousado no comer”, e tamén moi cumprido na limpeza: de continuo lavaba as máns ó sentarse á mesa e o erguerse”**

Ribeiro, que tanta sona tivo no seu tempo e que hoxe, perdida a tradición, en parte por desidia e un punto por discutibles escrúpulos enolóxicos, pouco máis consistentes que os vellos repulgos considerardos propios das monxas, habería que recuperar. Pero, indo ó conto: en efecto, un enano que saíra dun castelo pedulle ó asistente de Merlín que trouxera unhas roscas e un bico de tostado. Merlín lía latíns nun libro, namentres o enano mantiña a palmatoria a carón do tratado e pasaba as follas, rubíndose para dar a talla de quintas e un medio ferrado. Lialle o mago moi entonado, como crego de epístola, a hoste miuda e mailo seu príncipe, namentres os cativos da familia rillaban nas roscas, despois de ben remollalas no tostado. Así aledaban o padal dos nenos en tempos idos. Novedoulles de que o ouro que atoparan anxeando unha leira, para mellor xogar ós bolos, formaba parte da trabe de ouro sobre da que se tiña o segundo arco da terra, e advertíunos de que se como pretendían se puñan a amoedalo nas súas ceas, podería virse abaixo media Francia e das Flandres non quedaría nin un leiro. Bágoas brin-cábanlle dos ollos a aquel don París príncipe, e tamén os seus se contaxiaban de pena ó velo chorar, pero non por iso deixaban de rillar nas roscas, que eran de Santa Clara, bañadas en almbre por dona Ginebra. Ó cabo, quedaron convencidos os ananos, e un chisco mareados os liliputien-ses cativos. Aínda bo foi. Cando xa marchaban, comentou Merlín ó seu paxe que: “Se lles dá por poñerse a amoedar a trabe de ouro a estes inquilinos da soterra, (...) teño pra mín que a quebradura do mundo chegaba de Cambrai a Mondoñedo”.

En Miranda, tiñan en moito a Romualdo Nistal, personaxe que tivera tenda, “i era apreciado, que non roubaba no peso”. Pero non era o seu creto comparable co dun fidalgo e grande amador portugués. En efecto, todo Portugal aplaudía ó esquisito fidalgo don Esmeraldino cando marcaba un triunfo de Venus labrando coa súa navalla unha nova aspa nunha táboa de caoba que mandara pendurar na porta do seu pazo. Pero pagou moi cara a súa fachenda petulante de machote: hai en Meira unha caste de galiñas douradas, moi poñedoras, e tamén boas para peitoria, que dan en chamar portuguesas, que son, ou parecen, froito da breve hora en que o donxuanesco e moi atento galán, don Esmeraldino transformado en ardente galo –moitos dicían que a xeito de castigo polas súas licenzas-, pasara no curral da Sempres Ilustre Abadía de Santa María a Real de Meira. Nisto cavilaba Elimas, o vendedor ambulante de trazas morunas que vendía libros a Merlín e contaba historias polas pousadas, entrámentres se encontraba deitado na cama, tomando o chocolate con biscoito que lle levaran a guisa de dasaño. Era merecente este Elimas dun capítulo aparte na historia dos lambeteiros: botaba o azucar no café, pero evitaba revolve-lo para que non se desfixera, e logo gorentábase lambeteando á culleradiñas

DANIEL DÍAZ TRIGO





DANIEL DÍAZ TRIGO

o almbre que quedaba no fondo do pocillo. Cando se terciaba, pedía licencia para repetir taciña de café co pretexto de que así se puña en boa disposición de contar uns contos que -sabedor como era de que gozaban do aprecio de todos- tiráballes bo partido.

Cunqueiro tramou a figura de Merlín cuns bimbios entrecruzados. Sumaba así o feiticeiro os saberes da medicina popular galega cos poderes que a cristiandade medieval adoitaba atribuírlles ós magos.

Foi Merlín a atender un paciente que era amigo de seu. A curación da doenza en que acera Mosiú Simplom semelláballe complicada porque se lles pasaran os puntos de fervedura ós humores, por mor dunha febre memorial que tivera, e non era doado que se lle volveran a poñer esantes. Estaban os humores no corpo por capas, a semellanza do magro no touciño. Amolecíanse-lle as interioridades e aínda viña a cousa máis a contrapelo porque o enfermo fora home moi súpeto en pecar contra o sexto (seguindo, se cadra, as recomendacións hipocráticas que aconsellan entregarse ó coito en canto se presente a ocasión), e, en consecuencia, “é pouco o viño que garda no pelexo”. Metáfora esta ben expresiva da consideración popular do viño como principio xerminativo vital, seminal, no corpo do home. O taumaturgo da Terra de Miranda soubo polo diagnóstico do menciñeiro de Arnois que a febre corráselle ós pulsos, que xa non corcordaban, e a sangría deixárano nun esmaio, do que estaba volvendo pouco a pouco coa axuda dun caldiño con xerez. O paciente estaba en situación delicadísima e Merlín mesmo pensou en botar man dunha triaca máxima, que como apunta Ortega y Gasset constituía o último recurso dos

**‘Don Felices  
sostiña diante  
de Merlín, que  
os que tocan  
fruta,  
clarinete, oboe  
e fiscornio,  
non poden  
polo Dereito  
canónico,  
«comer  
guisantes e  
fabas, comidas  
que engordan  
o alento e  
trougan o son  
dos  
intrumentos»’**

antergos sanadores, na que misturaban toda sorte de ingredientes nunha mesma apócema por ver se algún deles, ou a imprevisible combinación de varios, certaba co mal. O enfermo reventaba ou sandaba de vez. Merlín, como home asinado, quixo mellor valerse dun viño purgante e encargou ademais na botica unha triaca prepósita e pilulas de mel sedativa. Confiou en que con aqueles específicos e máis o licor de quina que xa viña inxirrolando, iría a mellor.

Probablemente recorrería a algunha caste de viño tinto, o máis popular e que con máis frecuencia aparecía na farmacopea dos curandeiros. Moi presente tiña o viño de Valdeorras. Menciona, verbigracia, un enano que tiña “un decir mui sabroso e torneado, coma discipulo dunha elocuencia anterga”. Tirou un vañiño de prata do tamaño dun dedal e encheuno na grande copa do abade, que revertía de viño de Valdeorras, tinto. Frescou o enanín a pausa, e seguíu coa fabulosa historia. Faise tamén alusión, como unidade de medida, a unha tina grande da colada, provista de auga para aloxar a unha serea, que era a metade dun bocoi valdeorrano de doce cántaras. Alúdesse, asemade, ó papel do viño en orde á ratificación cun grolo de tratos e albarquos. Aconteceu, así, que un crego francés, asilado en España por mor das súas ideas refractarias verbo da constitución revolucionaria, convidouse a comer cun guerrilleiro, e como se atoparon ambos partidarios da mesma católica política, “refrescaron iste acordo cunha xarra de viño de Chantada”.

No que fai o viño branco, aténdose á cuestión da temperatura na que conviña tomalo. Era, en efecto, moi común abrir a billa do pilón e deixar correr a auga por riba da botella para que refrescara o viño. Este era un

dos cometidos do paxe dun cóengo, pero que, ó namorarse perdidamente, esquecíase como tamén a preparación do chocolate, e mesmo se lle pasaba sacarlle brillo ás fibelas de prata e engraxarlle a escopeta. Que malos son os amores e desamores para o cumprimento das tarefas e maila preservación do apetito. E así foi que un xastre que andaba peregrinando considerou que un homiño do que se estaba a falar nun conto tiña que andar en amores, que senón non deixara no prato a torresmada con ovos. As tribulación do paxe do cóengo, con sede en Avión, comezaran por mor dos paseos nocturnos pola ponte ós que era o clérigo moi dado. Tiña que ir atrás del cunha sombrilla pregada sobre o brazo, por se o río desprendía algunha noite daquelas os lirios da néboa, que ó señoñor cóengo apegábanlle a fluixión concomitante, que é o peor que en parte de mocos lle pode acontecer a un nariz. Cando apareceron indicios e abriron a ombrella de seda, caíu, como unha leve rosa, unha fermosísima doncela somentes vestida do seu rubor. Toda a xente que andaba pola ponte, pasmou. E o paxe ficou irremisiblemente namorado.

En según que casos compría botar man de licores espirituosos e destilados. Mosiú Simplom, tratante en bolas de neve que levaba moi aparentes nunha maleta, quedara postrado no leito por mor dunhas febres que lle viñeron dun trasudor que collera cando ía de camiño a renderlle visita ó seu amigo Merlín. O mago tratou de remediárlas cun ponche dobre de ron. Pensaba que de certo quedaría así novo do trinque. Tamén os augardentes confortaban os poboadores, ocasionais ou fixos, da selva de Esmelle señoreada por don Merlín. Un personaxe, don Felices, home de acabalado nariz colora-

do e moi fachendoso coas súas fivelas de prata que levaba por botóns da chombra e nos zapatos, e moi afeito ó augardente de Portomarín, fora a ver o mago montado en mula meirexa, para que lle compuxera un reloxo de area. O asunto non era doado pois facía falla reparar o espello con azougue italián serenado, e nos días de agarda tomaba sempre de parva papas de arrandas e chanfaina asada. Pero ó magnánimo mago Merlín, tan sorrador como bo amigo dos seus amigos, non sempre lle saían ben as cousas: pasárase un punto na mestura de soleo coa que fixera tal espello para a Señoría de Venecia, e comezou a entrefebrar co verdadeiro futuro cousas que el mesmo inventaba, e todos andaban como tolos buscando xentes perigosas que soamentes vivían na imaxinación do espello, e inquerindo mortes, embarques de especiería, naos turcas que el dexergaba, fantasiosos tesouros agochados e copas cheas de augas resolutivas. Tivo que mercalo con pesos contantes e chinchantes para destuir nun morteiro grande tan imprevisible e desacougantes artilluxio.

Era pавero este don Felices, cantor que fora na igrexa de Santiago, cabaleiro moi cortés e home de moitos misterios. Sostiña diante de Merlín, que os que tocan fruta, clarinete, oboe e fiscornio, non poden polo Dereito canónico, “e ista é sentencia do Cabido de Tui, comer guisantes e fabas, comidas que engordan o alento e trougan o son dos intrumentos”. Era tamén home moi dado ás paroladas, pero que non sempre as ceibaba con tino: déralle por falar dun demo que andaba en Sevilla facendo moita piñata entre as casadas, e, asemade, dun procurador de Calais, mosiú Vermeil, que vestía un gabán de pardomonte delustrado polos tempos í era perito “*in utroque iuris*”, pero tamén en mañas atravesadas e, nunha destas, puxérase con comidillas acerca de se quedara preñada do zar de Rusia a Bella Otero, sen terlle conta da sona.

Ó cabo, pódese acreditar nas falas que loan a boa auga de que dispuñan os lares de Merlín. O servente dun bispo de París que viñera de visita, manifestou ó chegar que tiña “sede de auga fresca”. Ante a súa solicitude, o criado foilla buscar do pozo vello, que era “como unha neve”. Puido así quedar compracido o lacaio que “bebéu sabroso e despacio”. Como convén amar, ler e vivir. E o máis axiña que se poida, pois como lle fai dicir Cunqueiro a Hamlet: “De aqeste incerto sono que chamamos vida, ningún ten o fío”. Así que xa saben. ♦

XAVIER CASTRO (Cangas, 1954) é profesor na Universidade de Santiago. É autor de *O galeguismo na encrucillada republicana* (1985) e *A lume manso. Historia social da alimentación en Galicia* (1998).